



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENTES:

INTERVENTORA:

D^a. MARÍA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 2 de setembro de 2016, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. Jesús Antonio Fernández Cal, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sr. Alcalde en funcións, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

1.- EXPTE. 100/2016.- PROPOSTA NOMEAMENTO DIRECCIÓN DE OBRAS "PROXECTO DE MELLORA E REPOSICIÓN DE SANEAMENTO, REDES DE SUMIDOIROS, E ABASTECIMENTO DE AUGA NA RÚA REGO DAS FLORES-VIVEIRO".

Visto o escrito da Alcaldía que transcrito literalmente di:

"JESÚS A. FERNÁNDEZ CAL, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONS DO CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

Resultando que os proxectos das obras denominadas "Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Flores-Viveiro", "Reposición de firme no vial denominado rúa do cemiterio sito no núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)" e "Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello d Viveiro" foron redactados polo arquitecto municipal de obras, D. Santiago Meitín Míguez, exercendo o mesmo como director de obra.

Resultando que o arquitecto municipal de obras se atopa de permiso por vacacións dende o 5 de setembro ata o 23 de setembro do presente ano, director das mesmas.

Propoño:

Que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro se nomea como directora das obras, exclusivamente durante o tempo de ausencia do arquitecto de obras municipal, á arquitecta municipal D^a. Irene Fernández Cora.

Viveiro, 01 de setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Nomear como directora da obra denominada : "Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Flores-Viveiro", exclusivamente durante o tempo de ausencia do arquitecto de obras municipal, á arquitecta técnica municipal, D^a. Irene Fernández Cora.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación.

2.- EXPTE. 119/2016.- PROPOSTA NOMEAMENTO DIRECCIÓN DE OBRAS "REPOSICIÓN DE FIRME NO VIAL DENOMINADO RÚA DO CEMITERIO SITO NO NÚCLEO URBANO DE CELEIRO (VIVEIRO)".

Visto o escrito da Alcaldía que transcrito literalmente di:

"JESÚS A. FERNÁNDEZ CAL, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONS DO CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Resultando que os proxectos das obras denominadas “Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Flores-Viveiro”, “Reposición de firme no vial denominado rúa do cemiterio sito no núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)” e “Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello d Viveiro” foron redactados polo arquitecto municipal de obras, D. Santiago Meitín Míguez, exercendo o mesmo como director de obra.

Resultando que o arquitecto municipal de obras se atopa de permiso por vacacións dende o 5 de setembro ata o 23 de setembro do presente ano, director das mesmas.

Propoño:

Que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro se nomea como directora das obras, exclusivamente durante o tempo de ausencia do arquitecto de obras municipal, á arquitecta municipal D^a. Irene Fernández Cora.

Viveiro, 01 de setembro de 2016.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Nomear como directora da obra denominada “Reposición de firme no vial denominado rúa do cemiterio sito no núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)”, exclusivamente durante o tempo de ausencia do arquitecto de obras municipal, á arquitecta técnica municipal, D^a. Irene Fernández Cora.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación.

3.- EXPTE. 132/2016.- PROPOSTA NOMEAMENTO DIRECCIÓN DE OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO CONCELLO DE VIVEIRO".

Visto o escrito da Alcaldía que transcrito literalmente di:

“JESÚS A. FERNÁNDEZ CAL, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

Resultando que os proxectos das obras denominadas “Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Flores-Viveiro”, “Reposición de firme no vial denominado rúa do cemiterio sito no núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)” e “Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello d Viveiro” foron redactados polo arquitecto municipal de obras, D. Santiago Meitín Míguez, exercendo o mesmo como director de obra.

Resultando que o arquitecto municipal de obras se atopa de permiso por vacacións dende o 5 de setembro ata o 23 de setembro do presente ano, director das mesmas.

Propoño:

Que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro se nomea como directora das obras, exclusivamente durante o tempo de ausencia do

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

arquitecto de obras municipal, á arquitecta municipal D^a. Irene Fernández Cora.

Viveiro, 01 de setembro de 2016.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Nomear como directora da obra denominada: “Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro”, exclusivamente durante o tempo de ausencia do arquitecto de obras municipal, á arquitecta técnica municipal, D^a. Irene Fernández Cora.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación.

4.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vitas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes EXPTE. 1857/2016, EXPTE. 1858/2016, EXPTE. 1859/2016, EXPTE. 1861/2016, EXPTE. 1868/2016, EXPTE. 1870/2016, EXPTE. 1873/2016 e EXPTE. 1874/2016 que se relacionan no ANEXO I da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos gastos referidos no Anexo I.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

5.- EXPTE. 1886/2016.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS CON INFORME (F/2016/34) (O/2016/44).

Vista a relación de facturas e obrigas, que figuran no ANEXO II da Acta en relación ao SAF LIBRE CONCURRENCIA.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal no que se sinala que se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no orzamento prorrogado por importe de 88.672,42 euros, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta así mesmo informe do Director do Centro de Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que figuran no ANEXO II, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

6.- EXPTE. 1991/2016.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS CON INFORME. (F/2016/35 - O/2016/45).

Vista a relación de facturas e obrigas, que figuran no ANEXO III da Acta, en relación a limpeza dos edificios.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal no que se sinala que se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no orzamento prorrogado por importe de 26.690,38 euros, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos



Concello de Viveiro

afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta no expediente informe da Concelleiro de Facenda ó respecto do contrato de limpeza dos edificios: Casa do Concello, Conservatorio Profesional de Música e centro de Servizos Sociais, indicando que iniciouse con data 23 de agosto de 2016 un procedemento de contratación que abarque a limpeza de dependencias municipais.

Consta así mesmo informe do Director do Centro de Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que figuran no ANEXO III, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

7.- EXPTE. 2010/2016.- LICENZA OBRAS EN REQUEIXO GALDO .- PRIETO RENDA DANIEL, REHABILITACION DE VIVENDA, LG REQUIXO GALDO, 27067A03501308000XL.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Daniel Prieto Renda, con DNI 32.817.862-J, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Caleira, 5-baixo, Viveiro, para a rehabilitación dunha vivenda sita no lugar de Requeixo, parroquia de Galdo de referencia catastral 27067 A03501308000XL; coa solicitude achégou proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a. Marta Soto Pérez, visado polo COAG en data 31 de xullo de 2012 co número 1208470.

Visto que en fecha 10 de maio de 2016 o interesado presentou xustificante de pagamento dos tributos municipais en concepto de taxas e ICIO.

Visto que constan no expediente as seguintes resolucións:

- a) A de 9 de outubro de 2014, do director de Augas de Galicia autorizando as obras de rehabilitación da vivenda, por atoparse na zona de policía de leitos do rego de Bravos, de acordo co establecido no Texto refundido da Lei de Augas (Real Decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo) e Regulamento do dominio publico hidráulico (R.D. 849/1986, do 11 de abril).
- b) A de 12 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, de autorización autonómica en

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

solo rústico previa á concesión de licenza municipal, de acordo co establecido no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado polo arquitecto municipal o 5 de xullo de 2016. As actuacións descritas adecúanse á ordenanza de aplicación (a regulada no punto num. 9 - solo rústico especialmente protexido - do anexo do decreto 102/2006, do 22 de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño).

Visto que o 22 de agosto actual, o promotor achegou, para a súa incorporación ao expediente, oficio de dirección de obra a favor do arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG en data 3 de agosto de 2016, co número 1604711.

Visto que por parte do técnico xurídico de urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), resultando este informe favorable.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 da LSG, en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que están suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 143 da LSG. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza, contando coas autorizacións e/ou informes sectorias esixidos pola normativa urbanística e sectorial de aplicación

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren co establecido na lexislación urbanística e o planeamento aplicables; as actuacións previstas (rehabilitación de

Concello de Viveiro

edificación existente) introducen modificacións que se adecúan ao entorno no que se atopa o inmovible en canto á forma e materiais empregados, incorporando solucións actuais integradas no conxunto.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Daniel Prieto Renda, licenza municipal para a rehabilitación dunha vivenda sita no lugar de Requeixo, parroquia de Galdo de referencia catastral 27067 A035013080000XL, de acordo co proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a. Marta Soto Pérez, visado polo COAG en data 31 de xullo de 2012 co número 1208470, e baixo a dirección facultativa do arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) O interesado deberá constituir unha fianza de MIL EUROS (1.000) en garantía dos posibles danos que se ocasionen nos espazos públicos municipais durante a execución das obras
- b) A carpintería deberá ser en cor verde da gama tradicional do entorno
- c) A licenza municipal queda restrinxida á rehabilitación da edificación tradicional destinada a vivenda, con exclusión do resto das edificacións que puidera haber na parcela
- d) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- e) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro .- Dar traslado do expediente á Tesourería municipal para os efectos de requirir a constitución da fianza indicada na letra a) do apartado anterior.

Cuarto .- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

Concello de Viveiro

- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministracións dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.6 Os prazos para o inicio e o remate das obras non poderán exceder de seis meses e tres anos, respectivamente, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O Concello poderá concer prórroga dos referidos prazos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

8.- EXPTE. 2019/2016.- APROBACIÓN DE FACTURAS. RELACION OBRIGAS PARA X.G. (F/2016/37 - O/2016/47)

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, que figuran no ANEXO IV da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas que se relacionan no ANEXO IV desta Acta, por importe de 367.101,12 euros.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

9.- EXPTE. 2048/2016.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS.- PERNAS ROMERO MARCIAL.

Concello de Viveiro

Vista a solicitude de D. Marcial Pernas Romero, con DNI 33.830.765-L, e domicilio a efectos de notificación no Paraíso, 9ªA, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de sumidoiros, para a vivenda unifamiliar de referencia catastral 27067ª03000848, sita en Pelourao, s/n, en Vieiro, Viveiro, para o tipo de obra: vivenda unifamiliar.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	4
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal.

Resultando que por parte do arquitecto municipal se establece unha fianza de 200,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Marcial Pernas Romero debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 200,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.



Concello de Viveiro

10.- EXPTE. 2066/2016.- APROBACIÓN Á SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE VIVEIRO.

Vista a proposta do Alcalde en funcións, D. Jesús A. Fernández Cal, que copiada literalmente di:

“JESÚS A. FERNÁNDEZ CAL, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en data 12 de agosto de 2016 de aprobación ao texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución de:

LIÑA 1: Mellora de Infraestruturas: Reposición do firme do camiño de acceso á praia de Area, Reposición de firme do acceso ao colexio e igrexa parroquial de Covas e pavimentación e reposición da rede de saneamento do tramo inicial do Camiño Real de Viveiro e Adecuación da ruta de sendeirismo do Monte de San Roque ao Penedo do Galo.

LIÑA 2: Promoción do Turismo: Realización de actividades lúdico culturais (festas, pasarrúas, concertos, actividades para os rapaces).

Cun orzamento total de 215.000,00 euros, dos que 127.911,01€ corresponden á LIÑA 1 e 87.088,99€ á LIÑA 2.

Visto o modelo de Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns descritos anteriormente.

PROPOÑO:

Que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro se dea aprobación á sinatura do Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en:

LIÑA 1: Mellora de Infraestruturas: Reposición do firme do camiño de acceso á praia de Area, Reposición de firme do acceso ao colexio e igrexa parroquial de Covas e pavimentación e reposición da rede de saneamento do tramo inicial do Camiño Real de Viveiro e Adecuación da ruta de sendeirismo do Monte de San Roque ao Penedo do Galo.

LIÑA 2: Promoción do Turismo: Realización de actividades lúdico culturais (festas, pasarrúas, concertos, actividades para os rapaces).

Viveiro, 01 de setembro de 2016

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Asinado dixitalmente ao marxe segundo a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en:

Liña 1: **Mellora de Infraestruturas:** Reposición do firme do camiño de acceso á praia de Area, Reposición de firme do acceso ao colexio e igrexa parroquial de Covas e pavimentación e reposición da rede de saneamento do tramo inicial do Camiño Real de Viveiro e Adecuación da ruta de ssendeirismo do Monte de San Roque ao Penedo do Galo.

Liña 2: **Promoción do Turismo:** Realización de actividades lúdico culturais (festas, pasarrúas, concertos, actividades para os rapaces).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Obras, Contratación, Servizos Sociais e Alcaldía.

11.- EXPTE. 2081/2016.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden coas Resolucións Número 799, Número 800, Número 801, Número 804 e Número 808, que figuran no ANEXO V da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

12.- EXPTE. 2098/2016.- PROPOSTA DA ALCALDÍA.

"CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS AO FOMENTO DE EMPREGO PARA O ANO 2016.

Polo Sr.Alcalde, en funcións, decátase de que sendo aprobadas as bases

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

reguladoras do programa de axudas municipais ao fomento de emprego para o ano 2016 na Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro de data 19 de febreiro de 2016 e publicadas no BOP de Lugo con data 16 de agosto de 2016, esta alcaldía remite á Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro a proposta para a aprobación da convocatoria.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA:**

Aprobar a convocatoria do programa de axudas municipais ao fomento de emprego para o ano 2016., que a continuación se indican:

PRIMEIRO. -BENEFICIARIOS/AS

Serán obxecto desta subvención as contratacións, que realicen empresas privadas independentemente da súa forma xurídica, de persoas desempregadas e empadroadas no Concello de Viveiro e inscritas no Servizo Público de Emprego.

As contratacións que se beneficien desta subvención terán que reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse no exercicio 2016 e terán que formalizarse no exercicio 2016 e como máximo ata o fin do prazo de solicitude.

Non poderán ter a condición de beneficiario as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorran algunha circunstancia prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O beneficiario non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional, exceptuando os incentivos en forma de bonificación da Seguridade Social.

As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas inscritas no Servizo Público de Emprego como desempregados cunha antigüidade mínima de tres meses e demostrar a súa residencia no municipio de Viveiro no momento de formalizar o contrato obxecto de subvención.

O beneficiario deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais no Concello de Viveiro, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co Area de economía da Deputación Provincial de Lugo, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

O contrato de traballo poderá ser a xornada completa ou a xornada parcial, e por un período mínimo de 6 meses.

SEGUNDO. - OBXECTO

A presente disposición ten por obxecto o fomento de emprego para o ano 2016, coa finalidade de incentivar a actividade económica e a xeración de emprego dentro do remato municipal de Viveiro.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

A concesión desinere subvencións rexeranse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu reglamento, en os seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; polas bases reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, de data 19 de febreiro de 2016 e publicadas no BOP de Lugo de data 16 de agosto de 2016; e polas demais normas aplicables ao efecto.

CUARTO. - CUANTIA

As axudas que se concedan ao amparo destas bases faranse con cargo ao presuposto municipal, no aplicación presupostaria 2413-470, por un importe de 20.000,00 €.

En calquera caso a concesión de subvención quedará condicionada á existencia de crédito axustado e suficiente na partida presupostaria de referencia, ou momento en que a di te resolución da concesión.

Para contratos a media xornada:

Tempo de duración	6 meses	1 ano ou superior
Contía máxima	250,00 €	500,00 €

Para contratos a xornada completa:

Tempo de duración	6 meses	1 ano ou superior
Contía máxima	500,00 €	1.000,00 €

As cantidades arriba referenciadas serán incrementadas nun 10% no suposto de que a contratación se leve a cabo cunha persoa con



Concello de Viveiro

minusvalidez mínima recoñecida de 33%.

No suposto das contratacións que superen os 6 meses de duración e non alcancen 1 ano o importe da subvención será o establecido para 6 meses. No suposto de que superen un ano o importe da subvención será o correspondente a un ano.

QUINTO. - PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes poderán presentarse dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Lugo e durante un mes segundo o modelo establecido no Anexo I das bases do programa de axudas municipais ao fomento de emprego para o ano 2016 e a través de calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

13.- EXPTE. 923/2016 .- CORECCIÓN DE ERRO DO ACORDO .- **PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER** **TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE** **VIVEIRO MEDIANTE CONTRATO RELEVO E CONVOCATORIA.** **PROTECCIÓN CIVIL.**

Detectado erro material na proposta de aprobación pola Xunta de Goberno do día 06/xullo de 2016 na redacción do acordo sinalado co número de Expte. 923/2016.-; visto o artigo 105.2 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, procédese a súa corrección de erro do seguinte xeito:

ONDE DI: No terceiro punto

Adxuntar as Bases e criterior de selección publicadas no BOP coa data 18.08.1999
--

DEBE DICIR

Aprobar as Bases Xerais e Específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, do posto de traballo denominado: "Operario de Protección Civil", incluídas no expediente 923/2016 e substituír o punto terceiro da convocatoria, substituíndo a súa publicación no BOP, por unha oferta de emprego presentada ante a oficina de emprego de Viveiro, sendo a cargo do tribunal da Excma. Deputación Provincial a selección do traballador, para o que esta alcaldía solicitará previamente a colaboración da Excma. Deputación de Lugo.
--

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por enterada e dar traslado ó negociado de Persoal.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:45 horas do día 2 de setembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.